

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7.^a,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 10.10.2017 Hora: 16:00

A Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 10 de outubro de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en comisión

- 1.1 14463 (10/POC-002688)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da posta en marcha dun programa de axudas para paliar os danos ocasionados polo xabril nos distintos cultivos do agro galego, así como o número de expedientes ou denuncias rexistrados por ese motivo desde o 10 de outubro de 2016
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167, do 01.09.2017

Punto 2. Proposicións non de lei en comisión

- 2.1 6348 (10/PNC-000639)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 6 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o asentamento de industrias no medio rural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017
Publicación do acordo, BOPG n.º 174, do 13.09.2017
- 2.2 10189 (10/PNC-001054)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre o asinamento pola Consellería do Medio Rural, a Consellería de Economía, Emprego e Industria e os sindicatos agrarios maioritarios de Galicia dun protocolo de colaboración en materia de prevención de riscos laborais no sector agrogandeiro e forestal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 128, do 14.06.2017
- 2.3 10614 (10/PNC-001104)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para aumentar a partida de fondos destinada ás actuacións do Plan de mellora de camiños municipais 2017/2018

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 136, do 28.06.2017

- 2.4 14461 (10/PNC-001305)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre a convocatoria pola Xunta de Galicia de axudas dirixidas a paliar os danos ocasionados polo xabariño nos diversos cultivos do agro galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 166, do 31.08.2017

- 2.5 15194 (10/PNC-001324)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar os sacrificios innecesarios de animais e as inmovilizacións das explotacións gandeiras a consecuencia dos falsos positivos nas probas para a detección de tuberculose bovina, así como para resarcir das perdas económicas as explotacións afectadas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017

- 2.6 16866 (10/PNC-001406)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación co acordo parlamentario do 2 de marzo de 2017 referido á creación dunha comisión técnica de seguimento da couza da pataca e á presentación dun informe da súa actividade no Parlamento de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

Moisés Blanco Paradelo

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7.^a, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Moisés Blanco Paradelo	P
Vicepresidente	
Daniel Vega Pérez	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 10.10.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas orais en comisión

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 10.10.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.1 14463(10/POC-002688)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da posta en marcha dun programa de axudas para paliar os danos ocasionados polo xabaril nos distintos cultivos do agro galego, así como o número de expedientes ou denuncias rexistrados por ese motivo desde o 10 de outubro de 2016

Publicación da iniciativa, 167, 01.09.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O xabaril (*sus scofra*) leva moito tempo entre nós como testemuñan documentos históricos, esculturas e outros elementos da nosa cultura material e inmaterial.

Este mamífero que ten unha gran capacidade de desprazamento e adaptación a todo tipo de hábitats, encontrou no abandono das terras e do medio rural en xeral coa conseguinte proliferación de mato e bosque o escenario perfecto para a súa reprodución con tendencia ao crecemento exponencial axudado pola pouca incidencia do único depredador natural, o lobo.

En paralelo ao abandono do rural e decaemento da actividade agropecuaria a poboación desta especie foi medrando e entrando en conflito coa actividade agrogandeira e a circulación viaria.

Os danos xerados en praderías e cultivos como a pataca, millo e cereais en xeral aos que nos derradeiros anos se lle engadiron as desfeitas no viñado son constantes, e pódese seguir o rastro da súa incidencia a través dos medios de comunicación que a cotío reflicten o impacto negativo que están a ter nos diversos cultivos dos nosos agricultores e gandeiros. Nas derradeiras semanas os cultivos de millo, tan necesarios para as castigadas explotacións gandeiras, están sendo o branco preferido para as manadas destes animais que comen unha parte e danan de xeito irreversible outra dos campos de cultivo.

Ata 2011 chegaron as axudas que anualmente se repartían para contribuír a paliar os danos ocasionados polo xabaril. Logo en 2016 (ano de eleccións autonómicas) volvéronse a abrir, pero para esta campaña de 2017 os labregos e gandeiros seguen sen saber se van ter acceso a tales axudas, cando os danos están a resultar maiores que na derradeira campaña, e a pesar que os servizos de medioambiente seguen a recoller as reclamacións dos agricultores e gandeiros afectados.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2017 09:30
Nº Rexistro: 14463
Data envío: 22/08/2017 14:09:56.399



Grupo Parlamentario

Hai que subliñar que non houbo diminución de exemplares, nin redución de denuncias polos danos causados, e parécenos incomprensible que polo feito de non haber eleccións non saían as axudas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No DOG do 17/08/2017 aparecen axudas para distintos medios que en teoría poden evitar a entrada dos xabarís ás fincas e parécenos ben, pero ata o día de hoxe nada se sabe de axudas para paliar os graves danos que ocasiona o xabaril.

Por todo isto os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai o Goberno galego poñer en marcha un programa de axudas para paliar os danos causados polo xabaril nos distintos cultivos do agro galego?

2ª) Cantos expedientes/denuncias están rexistrados por danos de xabaril desde o 10-10-2016?

Pazo do Parlamento, 22 de agosto de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 22/08/2017 14:04:05

Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/08/2017 14:04:17

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 10.10.2017 Hora: 16:00

Orde do día

2. Proposicións non de lei en comisión

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 10.10.2017 Hora: 16:00

Orde do día

2.1 6348(10/PNC-000639)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para
garantir o asentamento de industrias no medio rural

Publicación da iniciativa, 83, 15.03.2017

Publicación do acordo, 174, 13.09.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2017 16:56
Nº Rexistro: 6348
Data envío: 08/03/2017 16:56:32.357

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José González Vázquez, Silvestre Balseiros Guinarte, Daniel Vega Pérez, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado e Encarna Amigo Díaz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

Dende o Grupo Parlamentario Popular de Galicia defendemos unha estratexia empresarial na liña a seguir polo Goberno galego; valoramos positivamente o traballo realizado e o que se está a realizar, traballo que debe de seguir intensivamente e co obxectivo de asentarmos máis industria no conxunto do territorio galego.

A Industria é un pilar fundamental para a creación de emprego e fonte de prosperidade para o sector primario; seguir a avanzar na procura dun produto de calidade e darlle valor engadido o mesmo significa invertir na transformación.

Proxectos coma *GoodLeit* que ten como obxectivo a recollida de 430.000 toneladas de leite e supón máis de 130 postos de traballo; a unión do cooperativismo, coa suma das sinerxías de *Feiraco, Irmandiños e Melisanto* supuxo a garantía da prosperidade dunha cooperativa forte e que garanta a comercialización do noso tesouro máis prezado, o leite. Esta unión implica a 3.500 gandeiros que producen 300 millóns de litros de leite ao ano, cuxa facturación calcúlase que chegará aos 181 millóns de euros ao ano.

A maiores destes exemplos temos que ter claro que seguir avanzando na transformación do produto lácteo é apostar polas queixeiras e as industrias transformadoras, coma por exemplo, *Entrepinares*.

Apoiar a Indicación Xeográfica Protexida (IXP) ten que ser tamén outro dos piares fundamentais que axuden ó asentamento industrial no noso rural.

Por todo isto, O Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir traballando constantemente para garantir o asentamento de industria no noso rural”.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2017

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2017 16:56
Nº Rexistro: 6348**
Data envío: 08/03/2017 16:56:32.357

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/03/2017 16:51:28

José González Vázquez na data 08/03/2017 16:51:39

Silvestre Balseiros Guinarte na data 08/03/2017 16:51:47

Daniel Vega Pérez na data 08/03/2017 16:51:56

Raquel Arias Rodríguez na data 08/03/2017 16:52:04

Moisés Blanco Paradelo na data 08/03/2017 16:52:14

Carlos Gómez Salgado na data 08/03/2017 16:52:21

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/03/2017 16:52:31

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 10.10.2017 Hora: 16:00

Orde do día

2.2 10189(10/PNC-001054)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre o asinamento pola Consellería do Medio Rural, a
Consellería de Economía, Emprego e Industria e os sindicatos
agrarios maioritarios de Galicia dun protocolo de
colaboración en materia de prevención de riscos laborais no
sector agrogandeiro e forestal

Publicación da iniciativa, 128, 14.06.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea** por iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo** e do seu deputado **David Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión na 7ª**, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia no que atinxe á seguridade laboral no agro, na gandería ou no plano forestal, entre outros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Instituto Nacional de Seguridade publicou un informe no que advirte da alta sinistralidade que se produce no agro e nas actividades forestais e propón un aumento das accións de prevención.

Un 17% das inspeccións laborais no agro detectan infraccións e a porcentaxe de accidentes mortais no agro duplica á media.

Segundo explica este informe, o 70% dos accidentes graves e mortais que se producen no sector agrario suceden pola manipulación de maquinaria agrícola e, a causa do 90% deles, é o volteo do vehículo, debido principalmente a que a maquinaria é moi antiga e non está adaptada á normativa. Aquí tamén advertimos como principais riscos do agro a exposición a pesticidas ou, no caso do sector leiteiro, as fosas de purín.

Dende En Marea vemos necesario o establecemento de accións conxuntas dirixidas a promover a seguridade e saúde laboral dos traballadores a través da aplicación de medidas e o desenvolvemento das actividades necesarias para a prevención de riscos derivados do traballo nas explotacións agrogandeiras e forestais de Galiza, co fin de defender os intereses dos traballadores do agro



galego, mellorar a súa calidade de vida e promocionar a realización de accións formativas e informativas dirixidas á poboación agraria.

A sinistralidade do sector agrario é superior á media do total de actividades e achégase ós niveis de accidentes do sector industrial. O peor dato, con todo, é o de accidentes mortais, pois o agro dobra as cifras do resto de sectores. A situación das actividades forestais é a máis extrema, cun nivel de accidentes mortais que foi no mellor ano 4 veces superior á media e 15 veces superior no peor ano analizado, segundo un informe que vén de facer público o Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo.

O estudo governamental incide na necesidade de aumentar as políticas de prevención de riscos laborais e chama tamén a atención sobre as irregularidades laborais que se producen no sector. Un 17% das inspeccións de Traballo detectan infraccións, unha porcentaxe superior á da media de actividades (6%) e incluso peor que a da hostalería (12,5%), que adoita concentrar os maiores datos de infraccións.

A accidentalidade do sector agrícola foi a máis nos últimos anos, segundo o diagnóstico publicado polo Instituto de Seguridad en el Trabajo. O organismo incide en factores como a alta porcentaxe de axudas familiares que se producen no agro, ata dez veces superiores á media do total de actividades; así como na escasa formación que percibe nos traballadores, pois un 70% non pasou da primeira fase do Ensino Secundario.

A análise pon de manifesto outro dato preocupante, como é a falta de percepción de risco entre os traballadores. Un 20% dos enquisados non identifica ningún risco de accidente no traballo. Sen embargo, un 9% sufriu algún tipo de incidente ou accidente nos últimos tres anos, aínda que non o tramitase como tal.



Por estes motivos, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta esta Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

O Parlamento de galego insta á Xunta de Galicia a asinar un protocolo de colaboración entre a Consellería de Medio Rural, a Consellería de Economía, Emprego e Industria e os sindicatos agrarios maioritarios galegos, en materia de prevención de riscos laborais no sector agrogandeiro e forestal, e dotalo de orzamento. Con este convenio levarase a cabo:

- A realización de campañas de información e de sensibilización sobre a prevención de riscos laborais no sector agrogandeiro e forestal.
- Actividades que promovan melloras das condicións de seguridade e saúde dos traballadores do agro, baseándose no cumprimento da normativa en materia de prevención de riscos laborais.
- Informar dos conceptos básicos de seguridade e saúde no traballo, dos riscos xerais e a súa prevención e dos elementos da xestión da prevención de riscos laborais, facendo especial incidencia nos riscos comúns ou xerais das actividades agrogandeiras e forestal, tales como os derivados do emprego de maquinaria agrícola, dos cultivos, forestal ou da manipulación de produtos fitosanitarios.
- Implantar cursos/módulos de prevención nas incorporacións de mozos e mozas, así como nas explotacións que se acolleran ós plans de mellora.
- Reforzar os cursos de prevención de riscos laborais nas escolas de capacitación agraria dependentes da Xunta de Galiza.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2017.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2017 18:20
Nº Registro: 10189
Data envío: 07/06/2017 18:20:36.102



Asdo.: Paula Quinteiro Araújo,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 07/06/2017 18:01:56

David Rodríguez Estévez na data 07/06/2017 18:02:04

Luis Villares Naveira na data 07/06/2017 18:19:28

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 10.10.2017 Hora: 16:00

Orde do día

2.3 10614(10/PNC-001104)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para aumentar a partida de fondos destinada ás actuacións do Plan de mellora de camiños municipais 2017/2018

Publicación da iniciativa, 136, 28.06.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2017 13:37
Nº Rexistro: 10614
Data envío: 16/06/2017 13:37:30.472



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 7ª**, sobre os fondos do Plan Marco.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 28 de marzo de 2017, o director xeral de Desenvolvemento Rural reuníase ca xunta de voceiros da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) co fin de avanzar no deseño e execución Plan Marco de mellora de camiños municipais para 2017 e 2018, dotado con case 16 millóns de euros.

A xuntanza de traballo buscaba consenso posible á hora de establecer os criterios a seguir para a asignación dos fondos que corresponden a cada concello, tales como a poboación, superficie, grao de despoboamento, grao de envellecemento e o peso do agro de cada municipio.

Tratouse de fixar o baremo de reparto dos 16 millóns de euros de fondos propios dos orzamentos da Xunta para esta finalidade para os anos 2017 e 2018. Así, haberá unha achega fixa por municipio de 15.000 euros, aos que se engadirán outros fondos segundo os seus habitantes e entidades de poboación.

A superficie de cada termo municipal, a importancia das actividades agrogandeiras e forestais, a evolución demográfica ou o grao de envellecemento corruxarán o total da asignación que lle corresponderá a cada concello.



Anunciaba o director xeral de Desenvolvemento Rural que a execución do plan permitiu o ano pasado o arranxo dun total 810 quilómetros de vías públicas en 293 concellos galegos.

O paradoxo deste programa xurde cando na resolución do ano pasado, cunha cantidade fixa de 19.998.110,00 € aportados por AXE, Feader e Xunta, estimábanse un total de 730 camiños arranxados que alcanzarían máis de 1300 quilómetros. Isto é, executáronse moitos menos quilómetros de camiños dos previstos, un 38% menos do proxectado. Non sabemos se esta redución se trasladou tamén ao investimento executado.

Na comisión do venres día 2 de xuño do 2017, o director xeral de Agader, gabábase do papel desenvolto no marco anterior e anunciaba o Plan Marco de Mellora de Camiños para o ano 2017 e 2018 que vai contar cunha cantidade de 7.999.343,50 € para cada ano. Ou sexa, menos da metade que o ano pasado.

Por todo o exposto anteriormente o grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na comisión 7ª.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a aumentar a partida de fondos destinada ás actuacións do Plan Marco do bienio 2017/2018 a 40 millóns de euros, cifra similar a do anterior plan 2016.

Santiago de Compostela a 16 de xuño de 2016.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez,

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2017 13:37
Nº Rexistro: 10614
Data envío: 16/06/2017 13:37:30.472



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 16/06/2017 13:36:18

Paula Quinteiro Araújo na data 16/06/2017 13:36:26

Luis Villares Naveira na data 16/06/2017 13:36:36

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 10.10.2017 Hora: 16:00

Orde do día

2.4 14461(10/PNC-001305)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a convocatoria pola Xunta de Galicia de axudas
dirixidas a paliar os danos ocasionados polo xabaril nos
diversos cultivos do agro galego

Publicación da iniciativa, 166, 31.08.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

O xabariil (*sus scofra*) leva moito tempo entre nós como testemuñan documentos históricos, esculturas e outros elementos da nosa cultura material e inmaterial.

Este mamífero que ten unha gran capacidade de desprazamento e adaptación a todo tipo de hábitats, encontrou no abandono das terras e do medio rural en xeral coa conseguinte proliferación de mato e bosque o escenario perfecto para a súa reprodución con tendencia ao crecemento exponencial axudado pola pouca incidencia do único depredador natural, o lobo.

En paralelo ao abandono do rural e decaemento da actividade agropecuaria a poboación desta especie foi medrando e entrando en conflito coa actividade agrogandeira e a circulación viaria.

Os danos xerados en praderías e cultivos como a pataca, millo e cereais en xeral aos que nos derradeiros anos se lle engadiron as desfeitas no viñado son constantes, e pódese seguir o rastro da súa incidencia a través dos medios de comunicación que a cotío reflicten o impacto negativo que están a ter nos diversos cultivos dos nosos agricultores e gandeiros. Nas derradeiras semanas os cultivos de millo, tan necesarios para as castigadas explotacións gandeiras, están sendo o branco preferido para as manadas destes animais que comen unha parte e danan de xeito irreversible outra dos campos de cultivo.

Ata 2011 chegaron as axudas que anualmente se repartían para contribuír a paliar os danos ocasionados polo xabariil. Logo en 2016 (ano de eleccións autonómicas) volvéronse a abrir, pero para esta campaña de 2017 os labregos e gandeiros seguen sen saber se van ter acceso a tales axudas, cando os danos están a resultar maiores que na derradeira campaña, e a pesar que os servizos de medioambiente seguen a recoller as reclamacións dos agricultores e gandeiros afectados.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2017 09:30
Nº Rexistro: 14461
Data envío: 22/08/2017 14:08:05.007



Grupo Parlamentario

Hai que subliñar que non houbo diminución de exemplares, nin redución de denuncias polos danos causados, e parécenos incomprensible que polo feito de non haber eleccións non saían as axudas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No DOG do 17/08/2017 aparecen axudas para distintos medios que en teoría poden evitar a entrada dos xabarís ás fincas e parécenos ben, pero ata o día de hoxe nada se sabe de axudas para paliar os graves danos que ocasiona o xabaril.

Por todo isto o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a proceder á convocatoria urxente de axudas dirixidas a paliar os graves danos ocasionados polo xabaril nos diversos cultivos do agro galego, que están a deteriorar máis a dificultosa situación deste sector.

Pazo do Parlamento, 22 de agosto de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 22/08/2017 12:48:21

Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/08/2017 12:48:38

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/08/2017 12:48:54

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 10.10.2017 Hora: 16:00

Orde do día

2.5 15194(10/PNC-001324)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar os sacrificios innecesarios de animais e as inmovilizacións das explotacións gandeiras a consecuencia dos falsos positivos nas probas para a detección de tuberculose bovina, así como para resarcir das perdas económicas as explotacións afectadas

Publicación da iniciativa, 174, 13.09.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 12:45
Nº Rexistro: 15194
Data envío: 04/09/2017 12:45:42.421

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente as campañas de saneamento gandeiro contemplan, tres enfermidades, concretamente en vacún, tuberculose, brucelose e leucose.

Nos últimos anos o número de casos positivos, tanto de brucelose como de tuberculose, estaba descendendo notablemente, sendo moi difícil atopar casos positivos na maior parte das comarcas do país.

O problema xorde no ano 2014, cando por directrices do Ministerio de Sanidade, que é quen ten realmente competencias nestes casos, cambian protocolos de actuación. E xorde porque comezan a apareceren un número moi elevado de resultados positivos nas probas reaccionantes para a detección de tuberculose bovina que posteriormente non se confirman nas probas post mortem que se realizan nos matadoiros.

Nalgúns casos, os poucos, dan a opción de facer unha segunda proba antes do sacrificio, o que lle chaman a proba comparada, e case ningún animal é positivo, evitando así o seu sacrificio.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 12:45
Nº Rexistro: 15194

Data envío: 04/09/2017 12:45:42.421

Como consecuencia desta situación, ademais de se produci-lo sacrificio de numerosos animais que non deberían ter ese destino por se trataren de falsos positivos, tamén provoca a inmovilización das explotacións de onde proceden durante un período de tempo inadmisibile.

Ano tras ano dende o 14 vimos debatendo este tema aquí no Parlamento sen que por parte do goberno galego se tomen medidas razoables pra subsanar estas anomalías.

Como dato a ter en conta, ultimamente na comarca da Terrachá, sacrificáronse 150 animais, dos cales soamente 1 era positivo tra-la proba do matadoiro.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego alén de considerar imprescindible establecer medidas para garantir o resarcimento das explotacións a prezos que se axusten ó mercado polo sacrificio de reses e das perdas e lucro cesante como consecuencia destes e das inmovilizacións, cremos que é prioritario impulsar con urxencia as medidas necesarias para evita-los falsos positivos, mellorando o material e os protocolos, e mesmo establecendo contraanálises previas ao sacrificio.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento de Galiza insta o goberno galego a:

- Establecer métodos e materiais de diagnose que garantan a máxima fiabilidade dos resultados para evitar sacrificios e inmovilizacións innecesarias e establecendo para os casos de positivo unha segunda análise previa ao sacrificio.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 12:45
Nº Rexistro: 15194

Data envío: 04/09/2017 12:45:42.421

- Resarcir das perdas económicas ás explotacións afectadas modificando a normativa vixente de tal forma que se garanta unha compensación axeitada en caso de sacrificio de reses para non ocasionar perdas á explotación e que se establezan compensacións polo cese ou interrupción da actividade que provoque o sacrificio e/ou inmovilización nas explotacións.”

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 04/09/2017 12:43:37

María Montserrat Prado Cores na data 04/09/2017 12:43:42



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 12:45
Nº Rexistro: 15194
Data envío: 04/09/2017 12:45:42.421

Olalla Rodil Fernández na data 04/09/2017 12:43:43

Noa Presas Bergantiños na data 04/09/2017 12:43:48

Xosé Luis Bará Torres na data 04/09/2017 12:43:50

Ana Pontón Mondelo na data 04/09/2017 12:43:56

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 10.10.2017 Hora: 16:00

Orde do día

2.6 16866(10/PNC-001406)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación co acordo parlamentario do 2 de marzo de 2017 referido á creación dunha comisión técnica de seguimento da couza da pataca e á presentación dun informe da súa actividade no Parlamento de Galicia

Publicación da iniciativa, 182, 27.09.2017



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 11:40
Nº Rexistro: 16866
Data envío: 19/09/2017 11:40:46.977

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputadas **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

A praga denominada couza guatemalteca da pataca, provocada polo organismo nocivo *Tecia solanivora Povolny*, foi detectada en Galicia en agosto de 2015.

Por medio da Resolución de 16 de outubro do mesmo ano, publicada no DOG de 3 de novembro declarouse a presenza da praga e establecéronse as zonas demarcadas e as medidas urxentes para a súa erradicación e control.

En febreiro de 2016, a través dunha nova Resolución, actualizáronse as zonas afectadas e finalmente o 2 de febreiro deste ano en curso publícase outra nova Resolución que amplía as zonas do territorio que se encontran afectadas pola xa citada couza guatemalteca.

O caso é que mercede á inacción e incompetencia do goberno galego, a praga esténdese pasando de tres a trinta e un municipios afectados en pouco máis dun ano.

A estas alturas, e non sabemos se debidamente silenciados, os medios de comunicación non consignan ningunha incidencia, vaia que coma se a avelaíña tivese desaparecido do País coma por arte de maxia.

A colleita está case rematada, o trampeo coidamos que está activo, a prohibición de cultivo, en zonas afectadas oficialmente, cremos sigue vixente e pouco máis.

Todo parece indicar que é un excelente ano en cantidade e calidade e que nada novo ten acontecido.

O traslado e destrución da pataca levantada en zonas afectadas debeu ser feito dentro das directrices marcadas pola Consellería e dentro das estritas normas de sanidade e seguridade que se nos comunicaron presencialmente nesta Comisión por representantes autorizados da Consellería.

Pero todo xira en torno ó hipotético *...debeu ser... tal vez... se cadra...* pese ó compromiso formal adoptado por unanimidade nesta Comisión 7ª no pasado mes de marzo. Acordo precipitado case forzado por un PP que parecía necesitado do mesmo con urxencia.

Este acordo que levantou expectativas de que a Consellería tomaba en serio o problema da couza e ía ser transparente nas medidas e no seguimento converteuse nunha espera que cheira a fraude e propaganda. Cheira a medida encamiñada a neutraliza-las esixencias e as críticas da oposición á desastrosa xestión do problema que nun ano e pouco (certamente electoral a tope) fixo que pasásemos de dous concellos afectados a 31 e pico.

Nestes momentos desde o BNG estamos en disposición de afirmar que esta Comisión 7ª é un despilfarro de diñeiro e de esforzos por parte dos seus integrantes pois os seus acordos non se cumpren.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 11:40
Nº Rexistro: 16866
Data envío: 19/09/2017 11:40:46.977

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a:

-Que se lle dean as debidas explicacións á Comisión 7ª polo silencio e desprezo mostrado pola Comisión de Seguimento da Couza da Pataca ó acordo parlamentario tomado en sesión de 2 de marzo de 2017

-No caso de non existir tal Comisión de Seguimento que se dean explicacións á citada Comisión 7ª que xustifiquen a non constitución da mesma.

-Poñer fin, por medio da comparecencia da Comisión de Seguimento da Couza da Pataca no prazo máis breve de tempo posible na Comisión 7ª deste Parlamento, ó incumprimento dos acordos adoptados o 2 de marzo deste ano a respecto das medidas adoptadas dende esa data ata hoxe pola Consellería en relación coa praga da Couza da Pataca.

-No caso de que non exista a mentada Comisión de Seguimento, que se informe presencialmente por persoa autorizada da Consellería de Medio Rural sobre tódolos pormenores a que fai referencia o acordo de 2 de marzo de 2017.

-Que este Parlamento traslade unha queixa formal á Consellería de Medio Rural polo desprezo amosado a respecto do acordo de 2 de marzo de 2017.”

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 11:40
Nº Rexistro: 16866

Data envío: 19/09/2017 11:40:46.977

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/09/2017 11:39:07

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2017 11:39:12

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2017 11:39:15

Noa Presas Bergantiños na data 19/09/2017 11:39:17

Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2017 11:39:18

Ana Pontón Mondelo na data 19/09/2017 11:39:26